

**Acta núm. 11/2025.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 1 de xullo de 2025.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Sandy Marie Cebral Gómez.
José Antonio Vidal González.
María Rosa Romero Fariña.
Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 1 de xullo de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 10/2025, DO 10/06/2025.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 6º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 7º) MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 8º) CAMBIO DE TITULARIDADE DE VAO PERMANENTE.
- 9º) PRÓRROGA LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 10º) ESTABLECEMENTO DE PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES PARA PERSOAS MAIORES DURANTE O VERÁN 2025.
- 11º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 10/2025, DO 10/06/2025.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 10.06.2025, acta núm. 10/2025.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Sergio Oswaldo Barral González, que di actuar en representación de TERMATEC INNOVACIÓN, S.L., na que comunica que vai instalar placas fotovoltaicas (14 unidades), de xeito coplanario, sobre a cuberta da vivenda sita na Rúa Santiago nº 16 – Os Ánxeles, segundo a memoria técnica asinada polo enxeñeiro industrial Sergio Oswaldo Barral González en data 17.03.2025.

A parcela (referencia catastral 6747209NH2464N0001AD) onde se pretenden executar as obras asentase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2, e situase dentro da zona de servidume do río Pego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 27.05.2025 (clave DH.W15.108339), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 142,36 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 206,93 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARTÍN PÉREZ RENDO, na que comunica que vai substituír a carpintería exterior da vivenda sita no Paseo de Pedrouzos nº 48 - Brión, por unha nova en PVC.

A edificación (referencia catastral 6357807NH2465N0009MG) onde se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 276,41 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 340,98 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Ramón Villaverde Martínez, que di actuar en representación de PALOMA VALBUENA LÓPEZ, na que comunica que vai substituír en parte a carpintería exterior (ventás) da vivenda sita na Urbanización Agro Novo nº 15 – Os Ánxeles, por outras novas de similares características.

A edificación (referencia catastral 6346102NH2464N0015TQ) na que se van executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 71,28 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 135,85 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Carolina Couselo Fariña, que di actuar en representación de CLARA CRISTELA RODRÍGUEZ NÚÑEZ, na que comunica que vai substituír a actual carpintería exterior de aluminio da vivenda sita no lugar de Lamiño nº 48 – Brión, por outra nova en PVC, consonte coa memoria técnica asinada pola arquitecta Carolina Couselo Fariña.

A parcela (referencia catastral 6661401NH2466S0001KO) onde se pretenden executar as obras, aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2, e atópase na aldea de Lamiño que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: BE-3 BE-6.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 09.06.2025 (expediente XTC-2025-1164.AUI) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 157,72 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 222,29 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Roberto García Rey, que di actuar en representación de ALEJANDRO VARELA MATO, na que comunica que vai construír un peche parcial de parcela, en contacto con un vial público e acondicionar o terreo exterior para urbanizar, no lugar de Guitiande. As actuacións a realizar segundo o documento técnico asinado polo arquitecto Roberto García Rey en data de 06.06.2025, consisten en:

-. Demoler un dos alpendres que dan a fronte da parcela, os cales están a invadir o alíñamento oficial (fora de ordenación). A superficie a demoler é de 30,70 m².

-. Levantar un peche na parte que ocupa o alpendre a demoler, de 9,20 ml, sobre o alíñamento oficial (a 6 metros do eixo do vial), a executar en fábrica de bloques, revestido e pintado en cor branca, ata una altura de 1,20 metros, coroado por enriba con malla simple de torsión, acadando a altura total de 1,80 metros, deixando un oco para instalar un portalón de acceso de 4.50 m de ancho por 1.80 m de altura, executado en chapa galvanizada de aceiro.

-. Obras de urbanización na fronte da parcela, a fin de mellorar as condicións de acceso á mesma e dar continuidade ao tramo de beirarrúa existente (1,80 m de ancho) e banda de

formigonado no tramo de vial que se afecta. Tamén vai instalar un tubo de pluviais (PCV/300 m) para dar continuidade a esta infraestrutura urbana, coincidente coa liña de cuneta existente no resto da fronte de parcela sobre a que non se actúa.

A parcela (referencia catastral 7350350NH2475S0000JK) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano polo PXOM, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 165,12 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 229,69 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de JESÚS GARCÍA OTERO, na que comunica que vai executar obras na parcela sita no lugar de Estrar nº 41 – Os Ánxeles. As obras a executar consisten en:

- Levantar peches nos laterais da parcela, executados con muro de formigón, revestidos e pintados, ata unha altura variable de 0,35 m., a 1,17 m., e reixa metálica por enriba ata unha altura total de 1,80 m.
- Apertura de un oco no muro de pedra existente, de 5,50 metros, para instalar un portalón de acceso á parcela.

A parcela (referencia catastral 7039403NH2474S0001OW) está clasificada como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os peches laterais chegarán ata a aliñación, separados a 4 m do eixe do vial.
- O portalón situarase a 3 m da aliñación, segundo plano de emprazamento do proxecto que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 03.08.2021.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ LUÍS TORRES GARCÍA, na que comunica que vai executar un peche no fronte da parcela, en contacto coa vía pública, con postes de formigón intercalados, zócalo de formigón de 60 cm de altura e reixa metálica por enriba, deixando unha porta de aceso peonil e outra de acceso para vehículos.

A parcela (referencia catastral 000400100NH24D0001UX) na que se pretenden executar as obras está clasificada como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico, en aplicación do disposto ó respecto pola súa Disposición transitoria primeira letra 2.d).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche situarase mínimo a 4 metros do eixe do vial, segundo o artigo 92 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.
- A parte cega de formigón estará convenientemente revestida e pintada.
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 60,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 124,57 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ÁLVARO VÁZQUEZ ARUFE, na que comunica que vai executar obras na vivenda sita en Cabanas nº 13 - Os Ánxeles, consistentes en limpar, encintar e aplicar líquido hidrófugo as fachadas norte e oeste e aplicar un recebado de morteiro pintado sobre a parte baixa da fachada lateral.

A edificación (referencia catastral 5136609NH2453N0001XG) na que se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (Ordenanza: NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 54,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 118,57 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EULALIA PÉREZ SOÑORA, na que comunica que vai substituír os canalóns da cuberta da vivenda do Paseo de Pedrouzos nº 38 – Brión.

A edificación (referencia catastral 6357807NH2465N9914WJ) na que se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 14,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 78,57 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ RAMÓN BLANCO FIDALGO, na que comunica que vai substituír a chapa de aceiro galvanizado que recubre a fachada oeste da vivenda de Piñeiro 17 – Os Ánxeles, por outra chapa tipo panel sandwich, con illamento térmico e acabado en aluminio de cor branca.

A edificación (referencia catastral 6342812NH2464S0001LZ) na que se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural en área non consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 83,23 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 147,80 euros.

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Fabián García Núñez, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS URBANIZACIÓN MONTE BALADO BLOQUE 10, na que comunica que vai realizar obras no bloque de vivendas nº 10 da Urb. Monte Balado – Os Ánxeles. As obras a executar consonte co documento técnico asinado polo arquitecto técnico José María Brañas Rodríguez en data 13.06.2024, consisten en:

- Substitución de chapa metálica de coronación da cuberta.
- Instalación de trasdosado na fachada posterior a nivel da planta segunda, con sistema sate (141,40 m²).
- Substitución de albardillas nas terrazas da planta segunda.

A edificación na que se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3) e situase dentro da zona de protección do río Pego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 05/06/2025 (clave DH.W15.109276), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 843,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 908,17 euros.

l) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por BEGOÑA LEAL GÓMEZ, na que comunica que vai substituír a carpintería exterior da vivenda sita na Urb. Agro Novo nº 56 – Os Ánxeles, por unha nova en PVC.

A edificación (referencia catastral 6346701NH2464N0001OD) onde se van executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 153,26 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 217,83 euros.

m) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por David Mirazo Nieto, que di actuar en representación de OBVIOUSLY GROUP SLU, na que comunica que vai executar obras de conservación na vivenda sita na Rúa Santiago 13 - Brión, consistentes en substituír a tella en mal estado por tella nova e encintar e pintar as fachadas.

A edificación (referencia catastral 6746201NH2464N0001ED) onde van executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2), incurso na situación de “fora de ordenación”, segundo o artigo 90 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, ao resultar incompatible coas determinacións do planeamento urbanístico por estar afectada por viais.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 65,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 129,57 euros.

TERCEIRO .- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar emprazada na Rúa da Pomba nº 10 – Os Ánxeles, abrindo unha gabia de 16 metros de lonxitude sobre un vial municipal segundo o proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez con data 25.03.2025.

A vivenda obxecto de subministro (referencia catastral 6747204NH2464N0001SD) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 233,22 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 46,64 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 111,21 euros.

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de JUAN ANTONIO VELEZ SILVA, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Lamiño 68 – Brión.

Con data 02/11/2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a JUAN ANTONIO VELEZ SILVA e ANA ISABEL VALERIO LÓPEZ, para construír unha vivenda unifamiliar, edificación complementaria e piscina, en Lamiño 68 – Brión, consonte co proxecto básico e de execución

asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 22.12.2020 e documentación complementaria visada o 05.10.2021 (expte. núm. 2006379).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría con data 24.04.2025, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 22.05.2025, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

QUINTO .- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ANA FARIÑA CASAL, solicitando licenza para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar en Soigrex 11 – Bastavales, segundo proxecto básico e de execución asinado polos arquitectos Francisco Javier Rodríguez García, José Manuel Sánchez Vizcaíno e Ramón Fernández Sánchez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 09.01.2025 e documentación complementaria visada con data 21.04.2025 (Expte. 2500063).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 7213505NH2471S0001UB) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e sitúase na aldea de Soigrex, incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, coa clave identificativa XBE4.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 04.10.2024, (expte. 2564/24) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polos arquitectos Francisco Javier Rodríguez García, José Manuel Sánchez Vizcaíno e Ramón Fernández Sánchez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 09.01.2025 e documentación complementaria visada con data 21.04.2025 (Expte. 2500063).

-. Cumpríranse as condicións recollidas na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 04.10.2024, (expte. 2564/24):

Nas carpinterías, as particións deberán realizarse polo exterior, non permitíndose as falsas particións polo interior do vidro (alternativamente admítase un deseño sen particións sempre que se manteña a apertura orixinal abatible de dobre folla nos ocos que a posuían).

Os paneis fotovoltaicos deberán ser coplanares.

En aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención, no prazo máximo de seis meses, achegarase á Dirección Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Servizo de Patrimonio Cultural, un exemplar, incluído o seu soporte dixital, dunha memoria final que inclúa unha reportaxe fotográfica a cor

comparativa do estado inicial e final na que se poda comprobar o cumprimento das condicións establecidas.

-. Como garantía da urbanización, art. 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, que implica a pavimentación en todo o fronte da parcela, a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval bancario ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a rehabilitación non implica título habilitante para actuar sobre os muros de peche, para o que deberá facer nova solicitude.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 1.921,49 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 214,47 euros.

Total: 2.135,96 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por FÁTIMA RODRÍGUEZ JUNCAL, solicitando licenza para a rehabilitación dunha dunha edificación en Guisande 29 – Os Ánxeles, para uso terciario – hoteleiro (pensión de tres estrelas), segundo proxecto de execución asinado polo arquitecto Juan Pinto Tasende, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 12.11.2024 (expte. 2405807) e documentación complementaria asinada con data xuño 2025.

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 6530102NH2463S0001TR) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e sitúase dentro dunha aldea incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM coa clave identificativa AE3.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 07.01.2025, (expte. 3657/24), do informe previo favorable emitido pola Axencia de Turismo de Galicia, nº expte.:RITGA-E-2025-004920 e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto de execución asinado polo arquitecto Juan Pinto Tasende, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 12.11.2024 (expte. 2405807) e documentación complementaria asinada con data xuño 2025.

-. Cumpríranse as condicións recollidas na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 07.01.2025, (expte. 3657/24): En aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención, no prazo máximo de seis meses, achegarase á Dirección Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Servizo de Patrimonio Cultural, un exemplar, incluído o seu soporte dixital, dunha memoria final que inclúa unha reportaxe fotográfica a cor comparativa do estado inicial e final da edificación e o seu contorno.

-. Como garantía da urbanización, art. 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, que implica a pavimentación en todo o fronte da parcela, a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a rehabilitación non implica título habilitante para actuar sobre os muros de peche, para o que deberá facer nova solicitude.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar comunicación previa para o comezo da actividade, segundo o previsto na Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, achegando o informe definitivo favorable da Axencia de Turismo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 3.502,70 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 360,05 euros.
- Total: 3.862,75 euros.

SEXTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Cristina Mourelle Vázquez, que di actuar en representación de ANTONIO CARBAJO ROMERO, na que solicita licenza de segregación dunha parcela sita no lugar de Pedrouzos – Brión, segundo proxecto técnico redactado pola arquitecta Cristina Mourelle Vázquez, visado con data 27.03.2024 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (expte. 2401279).

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral: 66639A0NH2466N0001PQ

Superficie: 2.174,15 m² (segundo medición recente).

Lindes:

Norte: resto de finca matriz de Irba S.L.

Sur: Don José Leopoldo Tubio Ferreiro.

Leste: liña de corenta e sete metros e oitenta e nove centímetros, máis de Don Rafael Barca Pose.

Oeste: en liña de corenta e cinco metros, estrada da Picaraña aos Barreiros.

Na parcela hai enclavado un hórreo de tres claros.

Clasificación urbanística: a parcela atópase en solo urbano adscrito a viais principais, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM (UC1) e linda coa estrada de titularidade autonómica AC-451.

SEGREGACIÓN PRETENDIDA:

Finca A:

Superficie bruta: 784,10 m².
Superficie neta: 736,64 m².
Superficie de cesión: 47,46 m² (a 8 m. do eixe do vial).

Lindes:

Norte: resto de finca matriz de Irba S.L.
Sur: finca B.
Leste: Don Rafael Barca Pose.
Oeste: estrada de Picaraña aos Barreiros.

Clasificación urbanística: solo urbano UC-1.

Finca B:

Superficie bruta: 752,93 m².
Superficie neta: 706,94 m².
Superficie de cesión: 45,98 m² (a 8 m. do eixe do vial).

Lindes:

Norte: Finca A.
Sur: Finca C.
Leste: Don Rafael Barca Pose.
Oeste: estrada de Picaraña aos Barreiros.

Clasificación urbanística: solo urbano UC-1.

Finca C:

Superficie bruta: 637,12 m².
Superficie neta: 632,75 m².
Superficie de cesión: 4,37 m² (a 8 m. do eixe do vial)

Lindes:

Norte: Finca B.
Sur: Don Leopoldo Tubío Ferreiro.
Leste: Don Rafael Barca Pose.
Oeste: estrada de Picaraña aos Barreiros.

Clasificación urbanística: solo urbano UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, expte. nº: IF204A/AC/2024/0484, e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e aceptar a cesión dos terreos de 97,81 m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 193,71 euros.

Total: 193,71 euros.

SÉTIMO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Gómez Portela, que di actuar en representación de OBRAS GALLAECIA S.L., na que solicita a modificación da licenza concedida para construír un edificio para 15 vivendas, 15 prazas de garaxe e 15 trasteiros, na Rúa Gafo 1, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jesús María Alonso Fernández, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23.11.2022 e documentación complementaria visada con data 29.03.2023.

Antecedentes de feito:

1.- En sesión da Xunta de Goberno Local de data 9 de maio de 2023, concedeuse licenza a favor da entidade OBRAS GALLAECIA SL, para construír un edificio para 15 vivendas, 15 prazas de garaxe e 15 trasteiros, na Rúa Gafo 1, Os Ánxeles, con arranxo ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jesús María Alonso Fernández, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23.11.2022 e documentación complementaria visada con data 29.03.2023.

2.- En data 12.12.2024 solicítase modificación da licenza de tal xeito que se pretende reducir o número de vivendas, que pasan a ser 13 vivendas segundo a "Memoria xustificativa para modificación de licenza de obra sobre proxecto de edificio en construción de vivenda colectiva para 13 vivendas, garaxes e trasteiros", o proxecto modificado visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 14.01.2025 e documentación complementaria visada con data 11.06.2025. (expte. 2205723).

O motivo da solicitude é a redución do número de vivendas que pasan a ser 13, sen modificar a implantación da edificación no terreo, e sen modificar a edificabilidade e a ocupación.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a modificación da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do 9 de maio de 2023, a favor da entidade OBRAS GALLAECIA SL para a construción dun edificio de vivenda colectiva (15 vivendas, 15 prazas de garaxe e 15 trasteiros) a executar na rúa do Gafo, núm. 1 en Os Ánxeles, Brión, de tal xeito que tan só se executarán 13 vivendas, prazas de garaxe e trasteiros conforme coa "Memoria xustificativa para modificación de licenza de obra sobre proxecto de edificio en construción de vivenda colectiva para 13 vivendas, garaxes e trasteiros", o proxecto modificado visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 14.01.2025 e documentación complementaria visada con data 11.06.2025. (expte. 2205723) e manténdose no demais as condicións da licenza inicial que despregará tódolos seus efectos salvo no referido ás presentes modificacións, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 4.230,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: -7,40 euros.

Total: 4.223,00 euros.

OITAVO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE VAO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por SYLVANA VERÓNICA VARELA BALLESTA, na que solicita o cambio de titularidade da licenza de vao permanente núm. 07/2016, sito na Avda. dos Ánxeles nº 38-I, concedida pola Xunta de Goberno Local do 20.07.2016 a nome de Loudiane Aparecida da Mota.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de vao permanente núm. 07/2016 sito na Avda. dos Ánxeles nº 38-I, a nome de Sylvana Verónica Varela Ballesta.

2º) Notificar este acordo á interesada, e dar traslado a tesourería para ter en conta na confección do padrón fiscal.

NOVENO.- PRÓRROGA LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSÉ SALVADOR MONSERRAT BARCO, na que solicita unha cuarta prórroga do prazo para o inicio das obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Gándara 24 – San Salvador.

Antecedentes:

1. A Xunta de Goberno Local en data 04.07.2023 concedeu licenza de obras a Ana María González Manzanero e José Salvador Monserrat Barco, para construír unha vivenda unifamiliar en Gándara 24 – San Salvador, segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09.06.2022 e documentación complementaria visada o 23.11.2022 e o 15.05.2023.

2. Con data de 28.11.2023 a Xunta de Goberno Local concede prórroga de 6 meses para o inicio das obras, contados desde o día seguinte ao da notificación do acordo.

3. Con data de 25.06.2024 a Xunta de Goberno Local concede unha segunda prórroga de 6 meses para o inicio das obras, contados desde o día seguinte ao da notificación do acordo.

4. Con data de 17.12.2024 a Xunta de Goberno Local concede unha terceira prórroga de 6 meses para o inicio das obras, contados desde o día seguinte ao da notificación do acordo.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o inicio das obras.

DÉCIMO.- ESTABLECEMENTO DE PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES PARA PERSOAS MAIORES DURANTE O VERÁN 2025.

Dada conta da proposta da alcaldía do 16.06.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 17.06.2025, que transcrita di:

Visto o informe técnico do Departamento de Servizos Sociais do 09.06.2025 e o informe de Intervención do 13.06.2025.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, propoño á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, a adopción do seguinte acordo:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia ás actividades para persoas maiores durante o verán 2025, de acordo coa seguinte tarifa:

Prezo público por persoa e actividade: 15,00 €/persoa.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio no BOP.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta ditaminada nos seus propios termos.

DÉCIMO PRIMEIRO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González